

Mesa sectorial docente non universitaria

13/06/2023

1. PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU A PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

- **Rexeitamos os convenios subscritos con institucións privadas, pois consideramos que a Consellería debería atender a oferta educativa desde as súas propias estruturas en lugar de depender de asociacións privadas.**
- **Reclamamos que a xestión de todas as ensinanzas que se imparten sexa en centros de carácter público xestionados pola Consellería de Educación, en lugar de limitarse unicamente a dotalos de persoal.**
- **Solicitamos que se incremente a duración do prazo de 5 a 7 días hábiles.**
- **Exiximos que se expliciten de modo claro as directrices e características para a realización do proxecto, así como a obxectivación dos criterios a valorar.**
- **Solicitamos a eliminación da entrevista como parte do proceso de selección.** No caso de que se manteña a entrevista, solicitamos que esta sexa realizada a todxs xs aspirantes, con **coñecemento previo dos criterios de avaliación mediante o uso de rúbricas.**
- **Consideramos que é necesario ampliar o período de reclamacións a 5 días hábiles.**
- **Solicitamos que se permita renunciar a algunha solicitude sen ter que renunciar a todas as solicitudes presentadas.**
- **Insistimos, como en anos anteriores, na necesidade de concretar como se demostran os requisitos para cada unha das prazas.** Como se vai a valorar que se ten coñecemento da realidade educativa, social e tecnolóxica dos centros educativos da zona de influencia? Debería especificarse que documentación se require para demostralo xa que, en caso contrario, queda en mans da comisión de forma subxectiva.
- **Reclamamos a cobertura das prazas que non sexan adxudicadas entre o persoal que se presentou aos procedementos que non superara o proceso antes de adxudicalas a “dedo”.**
- **Igualmente, deben confeccionarse unhas listas para a cobertura de posibles substitucións ao longo do curso entre o profesorado participante que así voluntariamente queira.**
- **En canto ás prazas ofertadas, consideramos:**
 - a) **No posto número 9, o único requisito é pertencer ao corpo de mestres. Parece razoable que se limite a especialidades de PT, AL ou orientación.**

- b) **No posto número 10**, deberían poder presentarse os mestres de EF.
- c) **No posto 14**, tamén debería incluírse a especialidade de PT

- En canto ao **baremo**, consideramos que:
 - a) **A formación relacionada co posto** que se vai a desenvolver debería ter unha puntuación superior á formación xenérica que se recolle no baremo.
 - b) **A formación impartida debería ter un peso igual á recibida**, cando non maior.
 - c) **Deberían computarse as fraccións inferiores a un ano.**

A ADMINISTRACIÓN NON ACEPTA NINGUNHA EMENDA PRESENTADA POR CCOO.

2. ANTEPROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE A FIGURA DA PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA.

- **Rexeitamos a totalidade do proxecto e demandamos que se traia outro documento á Mesa, que dote os centros de persoal necesario e suficiente para poder desenvolver as funcións recollidas no artigo 35.2 da Lei Orgánica 8/2021.**
- **Consideramos totalmente insuficiente e irrisoria a dedicación de dúas horas semanais complementarias non fixas para realizar as once funcións que, para a persoa coordinadora de benestar e convivencia, recolle o artigo 35.2 da LOMLOE, que serían exactamente 10,9 minutos por función, semanalmente.**
- **Para realizar as funcións que aquí se recollen, consideramos polo menos unha persoa de cadro de persoal que implique ampliación de cupo**, co fin de desenvolver estas once funcións, xa que a propia Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, no seu artigo 35.2, capacita ás administracións educativas para decidir se estas funcións, moi completas e complexas, as vai a realizar **novo persoal non existente na actualidade no centro escolar**. O criterio de CCOO é que, tanto en Primaria como en Secundaria, desenvolva estas tarefas algún **membro adscrito ao Departamento de Orientación**, mentres que en Secundaria e FP podería encargarse igualmente alguén da especialidade de **Servizos á Comunidade**.
- En definitiva, pretender realizar todas estas funcións sen poñer medios ou, cando menos, unha **considerable redución horaria lectiva e un complemento económico**, é pretender implantar esta figura a custo cero ante a comunidade educativa. Parécenos lamentable esta proposta.

VALORARÁN A POSIBILIDADE DE INCORPORAR UNHA HORA MÁIS, QUE SEXA LECTIVA. NON ACEPTAN O RESTO DE ENMENDAS.

3. PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE AMPLÍA A RELACIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS DO BACHARELATO E SE ESTABLECE O SEU CURRÍCULO.

- Como xa apuntamos no Consello Escolar de Galicia, a decisión de **ampliar as optativas sempre é unha sorpresa positiva.**
- Denunciamos que, como está empezando a ser norma, **pasa pola Mesa posteriormente a pasar polo Consello Escolar de Galicia**, polo que a marxe de manobra para facer modificacións se reduce.
- Consideramos a **proposta como insuficiente.** Debería contemplarse, cando menos, a **recuperación das materias que se viñan cursando e desapareceron:** *Coeducación para o século XXI; Literaturas hispánicas; Robótica; Ciencias da terra e o medio ambiente; Fundamentos da administración e xestión; Imaxe e son e Electrotecnia.* **E, dende logo, deberíanse contemplar todas as materias que se ofertaron ata agora con boa acollida nos centros e mesmo aceptar a oferta doutras que o profesorado entende que son de interese para o alumnado.**
- Manifestamos, como xa fixemos anteriormente, que **esta medida debe ir acompañada da eliminación dos itinerarios pechados** que poden presentar os centros pois, de manterse, a ampliación das optativas non vai ter efecto.

NON CONTESTAN A NINGUNHA DAS APORTACIÓNS DE CCOO

- 4. PROXECTO DE ORDE DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE CONVOCA UN PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS PARA IMPARTIR DOCENCIA, COMO PROFESOR/A ESPECIALISTA, EN DETERMINADOS MÓDULOS PROFESIONAIS DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN FORMACIÓN PARA A MOBILIDADE SEGURA E SUSTENTABLE.**
- **Advertimos dunha errata no borrador:** no preámbulo, faise referencia ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto, publicado o 11 de xullo de 2017, cando en realidade xa existe unha nova versión deste texto refundido publicada a 10 de maio de 2023. **ACEPTADO**
 - **Solicitamos a gratuidade das taxas para as persoas demandantes de emprego** cunha antigüidade mínima de 6 meses antes da convocatoria. **NON ACEPTADO**
 - **Consideramos que, no caso de querer establecer algún criterio preferente para as persoas que teñan titulación superior, este criterio debe aplicarse en dous tramos:**
 - Primeiro, as persoas que puntúen por algún dos subapartados do apartado 2 do baremo, é dicir, **aquelas persoas que contén con formación pedagóxica.**
 - Segundo, **as persoas que tendo algunha outra titulación superior, non contén con esa formación pedagóxica.**

REVISARANO

- Entendemos que debería detallarse o corpo no que estaría encuadrada a especialidade de profesor especialista, se no 590 ou no 598.

A ADMINISTRACIÓN CONFIRMA QUE SERÁ UNHA ESPECIALIDADE DE CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO (POLO TANTO A1)

5. ROGOS E PREGUNTAS:

- Esiximos **apertura urxente de negociacións para o retorno ao horario lectivo de 18 horas en ensinanzas de secundaria e 21 horas en ensinanzas de infantil e primaria**. Só quedan Galicia e Madrid co horario actual de 20 e 25 horas lectivas semanais respectivamente. O resto de comunidades xa acometeron a súa redución.

A ADMINISTRACIÓN CONFIRMA QUE NON INICIARÁ NEGOCIACIÓNS ESTE CURSO. E RECORDA QUE COMO XA ANUNCIARA NA MESA SECTORIAL ANTERIOR SE ACOMETERÁ O CURSO QUE VEN

- Instamos de novo á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a que **convoque concurso a postos de escolarización a alumnado de atención preferente**. Solicitamos que se permita a continuidade das persoas que superen os seis anos de duración máxima de non haber concurso finalmente.

ESTE ANO NON SE VAI A CONVOCAR, POR FALTA DE CAPACIDADE DA CONSELLERÍA EN LEVALO A CABO. CONFÍRMANNOS QUE AS PRAZAS OCUPADAS CONTINUARÁN OCUPADAS SE HAI SOLICITUDE POR PARTE DO DOCENTE QUE AS OCUPA E SEMPRE QUE HAXA AVALIACIÓN POSITIVA, INCLUSO AS QUE SUPEREN OS SEIS ANOS DE DURACIÓN MÁXIMA. AS PRAZAS QUE QUEDEN VACANTES IRÍAN A CADP.

- Relacionado coa orde pola que se crea a figura de coordinador/a de benestar e convivencia, insistimos na imperiosa necesidade de establecer que a **totalidade de cargos e cordinacións leven parexo un complemento de tipo económico**, ademáis dunha **necesidade de revisión da coantía económica dos cargos directivos**.
- Relacionado coa orde de concurso de prazas de convenio, na que se ofertan tres prazas en aulas hospitalarias, **volvemos a instar á Consellería a que considere tamén as aulas hospitalarias como prazas de especial dificultade** a efectos de concurso xeral de traslados, como fixo recentemente coas prazas de centros de menores. Trátase de prazas onde se atende a alumnado de idade moi diversa, dende os 3 aos 16 anos, cun número moi variable e con elevada rotación, o que sería equiparable a escolas unitarias ou centros de menores, prazas estas que xa se consideran de especial dificultade. Ademais, súmase o factor do elevado desgaste emocional que supón traballar día a día con alumnado con patoloxías de carácter grave e mesmo coidados paliativos. As compañeiras que ocupan ditas prazas xa dirixiron en varias ocasións esta petición á

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sen que, polo de agora, tiveran contestación algunha.

ACEPTADO POLA ADMINISTRACIÓN, CONFIRMAN QUE REVISARÁN A ORDE QUE ESTABLECE OS CENTROS DE ESPECIAL DIFICULTADE.

- Consideramos intolerable que a Administración aínda non trouxera a esta mesa sectorial os **proxectos de novos Regulamentos Orgánicos de Centro**. Urxe a súa actualización, xa que moitas partes están derogadas e desfasadas e xurdiron novas realidades e necesidades nos centros que os que están aínda en vixencia non recollen.
- **Solicitamos información** acerca de cando ten previsto a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos **publicar a distribución de aspirantes por tribunal de oposición**, xa que nos atopamos a menos de dez días da celebración das oposicións.

PUBLICARASE ESTA SEMANA.

- Ante a noticia de que a Consellería remitiu aos centros a proposta de **nova oferta de FP** para o curso 2023/24, e ante o feito constatado da substitución case xeneralizada das modalidades modulares presenciais a pola formación a distancia, **esiximos dende CCOO que a Directora Xeral de FP rinda contas na Mesa Sectorial**, pola consecuencias que para os docentes pode acarrear esta medida (redución de profesorado, etc.).
- **Denunciamos, por enésima vez, a excesiva carga de traballo administrativo do profesorado en xeral e a burocratización extrema dos sistemas de calidade dos CIFPs**. Vémonos na obriga, unha vez máis, de criticar nesta Mesa Sectorial a excesiva carga de traballo administrativo do profesorado de todas as etapas educativas, diminuindo desta maneira o tempo real que se pode dedicar a tarefas máis importantes do ensino e restando, de forma notable, tempo imprescindible para a coordinación dos distintos equipos docentes. Máis alá disto, o máximo expoñente desta burocratización acádase cos sistemas de calidade implantados nos CIFPs.
- Con respecto ás oposicións, **solicitamos información sobre se está previsto a publicación dalgunha instrucción centralizada sobre o proceder coa unidade didáctica**, se habería que entregar un exemplar ao tribunal ou non. No caso de que esta decisión se deixe nas mans dos tribunais, estes deben informar coa suficiente antelación para que os opositores poidan saber que teñen que facer.

A ADMINISTRACIÓN CONFIRMA QUE OS TRIBUNAIS PODEN SOLICITAR A PRESENTACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA SE ASÍ O DECIDEN. AÍNDA QUE CONFIRMAN QUE NON INFLÚE NA NOTA EMITIDA POLO TRIBUNAL, QUE SÓ VALORARÁ A EXPOSICIÓN.

- **Preguntamos pola data de abertura do prazo do CADP.**



A ADMINISTRACIÓN CONFIRMA QUE, EN BREVE, SE ABRIRÁ O PRAZO DO CADP. TAMÉN EN BREVE, NOS CITARÁN PARA A REUNIÓN AVALIADORA DAS COMISIÓNS DE SERVIZO DE SAÚDE E CONCILIACIÓN FAMILIAR.

- Solicitamos información sobre a posible conversión de tres IES en CIFPS: IES Audiovisual de Vigo, IES Montecelo de Pontevedra e IES Vilamarín.

CONFIRMAN QUE A INFORMACIÓN É CORRECTA, PERO NON DETALLAN NADA MÁIS.

AS CUESTIÓNS RELACIONADAS COA FP NON FORON CONTESTADAS PORQUE A DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL NON ESTIVO PRESENTE NA MESA.

